



Curso “A psicoloxía educativa nos centros escolares: estratexias de intervención con familias, docentes e equipos interdisciplinarios. A escola que escoita”

DOCENTE	Mario Izcovich Scherman (6669).
ORGANIZA	Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial e Psicoloxía de Galicia.
COORDINA	Ana Belén Montesa Lou (G-4928).
DURACIÓN	7 horas.
DATA E HORARIO	Venres, 21 de novembro de 2025. De 17:00 a 20:00 horas. Sábado, 22 de novembro de 2025. De 10:00 a 14:00 horas.
MODALIDADE	Presencial e online.
LUGAR	Presencial: Sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Online: Plataforma de teleformación Moodle do COPG e Zoom.
PRAZAS	30 prazas na modalidade presencial. 100 prazas na modalidade online.
PREZOS	Membros da Sección Educativa do COPG, Psicólogos/as colexiados/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao, master ou doutoramento de psicoloxía.....30,00€ Psicólogos/as colexiados/as e xefes/as de departamento de orientación educativa.....50,00€ Psicólogos/as non colexiados/ e/ou outros profesionais.....100,00€

Neste curso podes optar ás 4 prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte no seguinte enlace: https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_a_formacion_para_colexiados.pdf.



Curso “A psicoloxía educativa nos centros escolares: estratexias de intervención con familias, docentes e equipos interdisciplinarios. A escola que escoita”

PROGRAMA

1. Escola inclusiva: prácticas de “inclusión” en contextos educativos. Desafíos e paradoxos da inclusión en contextos reais. Que significa o “fracaso escolar”. As demandas aos/ás profesionais.
2. O DSM-5 na escola: usos e abusos. O diagnóstico na infancia e adolescencia. Función orientadora do diagnóstico vs. o risco de etiquetar. A medicalización da infancia.
3. Saúde mental na escola: o malestar dos/das educadores/as. Estratexias institucionais de coidado.
4. Traballo coas familias: as familias na actualidade. Desafíos e estratexias. Pola construción dunha verdadeira comunidade.
5. Avaliación.

OBXECTIVOS

- Comprender desde a práctica os fundamentos da escola inclusiva e o papel do/a psicólogo/a educativo/a neste marco.
- Analizar as relacións e os entrecruzamentos entre psicoloxía e pedagogía.
- Reflexionar criticamente sobre o uso do DSM-5 no ámbito escolar.
- Revisar de maneira crítica as achegas da psicoloxía das emocións para comprender a aprendizaxe e os vínculos na escola.
- Visibilizar o impacto da saúde mental na comunidade educativa: malestar de educadores/as, alumnado e familias.
- Fortalecer estratexias de traballo con familias, docentes e equipos interdisciplinarios.
- Favorecer a construción dun rol activo, crítico e humanista do/a psicólogo/a escolar.

METODOLOXÍA

Empregarase unha metodoloxía que promoverá o debate, o traballo en pequenos grupos e a posibilidade de discusión de casos.



Curso “A psicoloxía educativa nos centros escolares: estratexias de intervención con familias, docentes e equipos interdisciplinarios. A escola que escoita”

DOCENTE

Mario Izcovich Scherman (6669).

Membro da Asociación Mundial de Psicoanálisis e do Institut de la Infancia (Barcelona). Formador e supervisor en institucións educativas.

Autor dos libros “Tiempo de transformación” (Síntesis), “Ser padre, ser hijos: los desafíos de la adolescencia” (Gesida) e “La escuela que escucha” (Ariel/Planeta). Colaborador de varios medios.

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respectarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas membros da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntárase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Para a inscrición como xefe/a de departamento de orientación educativa é necesario acreditación do posto de traballo

Último día de inscrición: 11 de novembro de 2025.